

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3/03/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- **Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-**
- 2º.- **Aprobación definitiva do Padron Fiscal de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos.-**
- 3º.- **Expediente adxudicación definitiva contratación Servizos de Arquitecto.-**
- 4º.- **Asuntos varios.-**

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **19:00** horas do día **3/03/2016** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 25 de Febreiro de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Aprobación definitiva Padrón Fiscal Recollida de Residuos Sólidos Urbanos 2016

Examinado o expediente do **Padrón Municipal da taxa por recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos de 2016.**

Resultando, que o anuncio da aprobación inicial a efectos de reclamacións e con carácter de notificación colectiva (**Art. 124.3 da Lei 230/63 de 28 de decembro**) foi exposto ó público no **BOP número 13 de 21/01/2015 e Taboleiro de anuncios da Casa do Concello** durante o período

comprendido entre o 28/01/2016 ó 29/02/2016 ambos incluídos e que transcurrido dito prazo foron presentadas as reclamacións que constan no expediente.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Aprobar Definitivamente o Padrón Fiscal pola taxa por Recollida Domiciliaria de Residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos do ano 2016, para o seu cobro en período semestral nun importe total de “ Cento cincuenta e oito mil catrocentos noventa e un euros con corenta e tres céntimos (158.491,43 €) ”.

Remitir o expediente a Excma Deputacion Provincial para o seu coñecemento e demais efectos, dada a delegación conferida para a súa recadación.-

3º.- Expediente adxudicación definitiva contratación Servizos de Arquitecto.--

Examinado o expediente tramitado mediante procedemento negociado sen publicidade co motivo da Contratación dun Arquitecto para prestación de servizo de consultoría e asistencia técnica dentro do Concello de Fisterra en materia de arquitectura cun presuposto de licitación po importe de Trinta e sete mil cento noventa euros con oito céntimos (37.190,08 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Sete mil oitocentos nove euros con noventa e dous céntimos (7.809,92€) en base ó prego de Cláusulas administrativas particulares aprobado no seu día por esta Xunta na sesión celebrada o día 26 de novembro de 2015, que unha exposto ao público no Boletín Oficial da Provincia polo espazo regulamentario, non foi obxecto de reclamación,

Resultando que por parte da Licenciada en Arquitectura, Sabina Beatriz Lucas Quintans, foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, a garantía definitiva así como os medios persoais e materiais que vai a adscribir ó servizo.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente o servizo en cuestión en favor de Sabina Beatriz Lucas Quintans nun importe de Trinta e un mil trescentos vinte e tres euros (31.323,00 €) e Seis mil cincocentos setenta e sete euros con oitenta e tres céntimos (6.577,83 €) do Imposto sobre o Valor Engadido por un período de UN AÑO contado a partir do día seguinte á da formalización do contrato administrativo.-

2º.- Facer saber á adxudicataria que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non máis tarde dos quince días hábiles (15) seguintes a aquél en que reciba a notificación deste acordo.-

Asimesmo notificaráse ós licitadores presentados, publicándose no Boletín Oficial da Provincia aos efectos legalmente establecidos.-

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente, para que no nome e representación desta Corporación, proceda á sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

4º.- Asuntos varios.-

CERTIFICACIÓN DE OBRA

Unha vez examinada e encontrándoa conforme por axustarse a realidade, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda a prestar a súa aprobación á Certificación Única da Obra denominada " REFORMA SANEAMIENTO RUA ALCALDE FERNANDEZ - FISTERRA " incluída no Plan municipal 2015 por un importe de Dezaioito mil douscentos sesenta e catro euros con cincuenta e cinco céntimos (18.264,55 €) debidamente asinada polo Contratista adxudicatario Construcciones y Obras Andújar S.L., e o Director da Obra. Manuel Carro López.---

SERVIZOS SOCIAIS

Visto o informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. J. D. B., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos oitenta euros (380,00 €) para sufragar gastos farmacéuticos non cubertos pola Seguridade Social, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

Visto o informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a C. O. R., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trinta euros (30,00 €) para sufragar parte gastos material ortopédico , ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión,** ás **20:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.